

documento
formativo
de isca!

[personaxes revolucionarias]

Ho Chi Minh

www.iscagz.org
info@iscagz.org



1. Presentación:

Ante ti tes un novo documento formativo, a través dos cales Isca! pretende difundir a quen lle interese figuras, obras, loitas e feitos que ao longo da historia teñen contribuído nos diferentes pobos do mundo a avanzar cara a soberanía nacional e a xustiza social. Pretendemos con estes cadernos fomentar a reflexión e o debate entre a nosa militancia de cara a afortalar mediante a aprendizaxe colectiva os alicerces teóricos e ideolóxicos sobre os que asentamos o noso axir como activistas.

Desta volta, centramos o debate formativo na figura de Ho Chi Minh, comunista vietnamita artífice da loita contra o colonialismo francés que rematou coa toma do poder por parte do Vietminh e a proclamación da República Democrática de Vietnam. Escollemos para tal efecto tres aportacións que o camarada Ho Chi Minh fixo para a historia: *A declaración de independencia de Vietnam* (1945), *Accións que “deben ser feitas” e que “non deben ser feitas”* (1948) e *O leninismo e a liberación dos pobos oprimidos* (1955).

A tenrura dos pobos é a solidariedade e o recoñecemento internacionalista das loitas. Loitas como a do Vietnam, loitas como as das demais nacións oprimidas que axuntaren forzas no embate contra a dominación colonial. Esta e outras experiencias históricas de nacións oprimidas, onde a loita de clases se manifesta en forma de loita de liberación nacional, nas que o pobo se ten organizado cara á construción dunha patria soberana e socialista, sérvenos ás galegas para aprendermos no noso camiñar por unha Galiza ceibe e sen explotación. Porque, como dixo Ho Chi Minh: “nada é máis fermoso que a Independencia e a Liberdade!”

2. A declaración de independencia de Vietnam, 1945.

“Todos os seres humanos son creados igual. Todos eles son dotados polo Creador cunha serie de dereitos inalienábeis, entre eles a Vida, a Liberdade e a procura da Felicidade”. Esta imortal sentenza está incluída na Declaración de Independencia dos Estados Unidos da América, en 1776. En senso lato, isto significa: Todos os pobos da Terra son iguais dende o seu nacemento, todos os pobos teñen dereito a vivir, a seren felices e ceibes. A Declaración da Revolución Francesa, feita en 1791, no que di a respecto dos Dereitos do Home e do Cidadán, tamén di: *“Todos os seres humanos nacen libres e con iguais dereitos, e deben tamén continuar a ser libres e cos mesmos dereitos”*. Trátase de dereitos incuestionábeis. No entanto, durante máis de oitenta anos, as imperialistas francesas, desprezando os principios de Liberdade, Igualdade e Fraternidade, violaron a nosa Patria e oprimiron s nosas concidadás. Actuaron contrariamente aos ideais da humanidade e a xustiza. Impuxeron leis deshumanas; ergueron tres reximes políticos diferentes no Norte, no Centro e no Sur do Vietnam tentando destruír a nosa unidade nacional e evitar que o noso pobo mantivese a súa unión. Construíron máis prisións que escolas. Asasinaron sen piedade as nosas compatriotas, afogaron as nosas revoltas



em sangue. Aplastaron a opinión pública; practicaron o obscurantismo contra o noso pobo. Para debilitar a nosa xente, forzárona á dependencia do opio e o alcol. No terreo económico, chucháronnos o sangue, empobreceron o noso pobo, devastaron o noso país. Roubaron nos nosos campos de arroz, nas nosas minas, nos nosos boscos, nas nosas materias primas. Monopolizaron a emisión de moeda e o comercio exterior. Inventaron numerosas e inxustificábeis taxas e condenaron o noso pobo, nomeadamente as labregas, a un estado de extrema pobreza. Obstaculizaron o progreso da nosa burguesía nacional; explotaron sen piedade as nosas traballadoras. No outono de 1940, cando as fascistas xaponesas violaron o territorio da Indochina para establecer novas bases para a súa loita contra as aliadas, as imperialistas francesas foron postas de xeonllos e o noso territorio foi entregado ás xaponesas. Dende entón, o noso pobo padeceu o duplo xugo das francesas e das xaponesas. O seu sufrimentos e miseria incrementáronse. O resultado foi que dende o fin do último ano ao comezo do presente, dende a provincia norteña de Quang Tri, máis de dous millóns das nosas concidadás morreron de fame. O 9 de Marzo, as tropas francesas foron desarmadas polas xaponesas. As colonialistas francesas fuxiron ou rendéronse, amosando que non só foron incapaces de nos “protexer”, como, no período de cinco anos, de vender por dúas veces o noso territorio. En varias ocasións antes do 9 de Marzo, a *Liga Vietminh* urxiu ás francesas para se aliaren con ela contra as xaponesas. Instados para concordar con esta proposta, as colonialistas francesas intensificaron as súas actividades terroristas contra membros do *Vietminh* que previamente fuxiran, masacrando un grande número das prisioneiras políticas do noso movemento en Ien Bai e en Cao Bang. Non resistíndose ante todo iso, as nosas concidadás teñen manifestado sempre perante as francesas unha actitude tolerante e humana. Por iso, despois do golpe xaponés de Marzo do 1945, a *Liga Vietminh* axudou moitas francesas a atravesaren a fronteira, rescatou algúns dos cárceres xaponeses e protexeu as vidas e as propiedades das francesas. Dende o outono de 1940, o noso país deixou de feito de ser unha colonia francesa e comezou a ser unha pose xaponesa. Logo da rendición xaponesa ante os aliados, o noso pobo enteiro alzouse para reconquistar a nosa soberanía nacional e para fundar a *República Democrática de Vietnam*. A verdade é que finalmente arrebatamos a nosa independencia ás xaponesas e non ás francesas. As francesas fuxiron, as xaponesas capitularon, o emperador Bao Dai abdicou. O noso pobo rompeu as cadeas coas que durante case un século fomos asoballados por elas e ganou a independencia para a Patria. O noso pobo, ao mesmo tempo, derrocou o rexime monárquico que exercera o poder absoluto durante ducias de séculos. No seu lugar, foi establecida a actual República Democrática. Por estas razóns, nós, membros do Goberno Provisional, representando o pobo vietnamita na súa totalidade, declaramos que dende agora quedan rotas as relacións de carácter colonial con Franza; derogamos calquera obriga internacional que Franza subscribiu tempo atrás no nome de Vietnam e abolimos todos os dereitos especiais que as francesas tiñan ilegalmente adquirido na nosa Patria. O pobo vietnamita enteiro, movido por un propósito común, está determinado a loitar deica o final contra calquera tentativa de reconquistar o noso país por parte das francesas. Temos a certeza de que as nacións aliadas, que en Teherán e San Francisco recoñe-



ceron os principios de autodeterminación e igualdade das nacións, non recusarán recoñecer a independencia de Vietnam. Un pobo que se opuxo con afouteza á dominación francesa durante máis de oitenta anos, un pobo que loitou cóbado con cóbado cos aliados contra as fascistas durante os últimos anos; semellante pobo merece ser ceibe e independente. Por estes motivos, nós, membros do *Goberno Provisional da República Democrática de Vietnam*, declaramos solenemente ao mundo que Vietnam ten o dereito a ser un país libre e independente, como de feito xa o é. O pobo de Vietnam enteiro está determinado a mobilizar toda a súa forza física e mental, a sacrificar as vidas e propiedades co obxectivo de salvagardar a súa liberdade e a súa independencia.

3. Accións que “deben ser feitas” e que “non deben ser feitas”. 1948

A nación descansa no pobo.

Para a resistencia e a reconstrución nacionais, as forzas esenciais residen no pobo. Por iso, nas súas relacións ou a súa vida común co pobo, todos os combatentes do exército, todos os cadros, queira que traballen nos organismos do goberno, queira que o fagan nas organizacións populares, deben lembrar e pór en práctica estes doce puntos:

Seis accións que “non deben ser feitas”

1. Non facer nada que poida perxudicar as hortas, terreos e culturas da poboación; non lixar nin damnificar as súas casas e os seus inmóbeis.
2. Non insistir de máis en comprar ou pedir o que a xente non quere vender nin prestar.
3. Non levar aves vivas á casa dos nosos compatriotas montañeses.
4. Non faltar nunca á nosa palabra.
5. Non atentar contra as crenzas ou costumes populares, non deitarse ante o altar dos antepasados, non pór os pés sobre o lar, non tocar música na casa, etc.
6. Non facer nin dicir nada que poida facer crer aos habitantes que os desprezamos.

Seis accións que “deben ser feitas”

1. Axudar efectivamente a poboación nos seus traballos cotiáns (colleita, recollida de leña, transporte da auga, concertos...
2. Dacordo coas súas posibilidades, realizar compras para a xente que vive lonxe do mercado (mercarlles coitelos, sal, agullas, fio, penas, papel,...)
3. Nas horas de lecer, contar anécdotas alegres, simples e útiles para a resistencia, sen traizoar os segredos da defensa nacional.
4. Ensinar o alfabeto e as nocións da hixiene máis simples.
5. Estudar os costumes rexionais para comprendelos ben, en primeiro lugar para gañar a simpatía dos habitantes, logo a seguir para explicarlles pouco a



pouco por que é conveniente ser menos supersticioso.

6. Facer sentir á poboación que somos serios, traballadores, disciplinados.

Poema de propaganda:

Nestes doce puntos
 Acaso hai algo de extraordinario?
 Todo aquel que sexa un pouco patriota
 Non os esquecerá.
 Fagamos deles un hábito
 Para todos e cada un.
 Un pobo e un exército valorosos
 Non coñecen nada imposíbel.
 A raíz volve sólida a árbore,
 O palacio de toda vitoria
 É construído sobre o pobo enteiro

4. O leninismo e a liberación dos pobos oprimidos, 1955.

O 22 de abril de 1870, na vella Rusia despótica, naceu o futuro dirixente e talentoso mestre das masas traballadoras e dos pobos oprimidos de todo o mundo, Vladímir Illich Lenin.

A finais do século XIX e a principios do século XX, o capitalismo alcanzou o seu máis alto e último desenvolvemento do imperialismo e entrou na era da revolución proletaria. O home que continuou a grande labor de Marx e Engels nas novas condicións históricas foi V. I. Lenin.

Loitando sen tregua cos reformistas e todo o tipo de distorsionadores do marxismo, Lenin levou o socialismo científico a unha nova etapa. Enriqueceu o marxismo, a gran arma ideolóxica do proletariado, e contribuíu grandemente para formular a teoría da ditadura do proletariado. Desenvolveu o principio marxista na alianza operario-camponesa, na cuestión nacional e colonial, no internacionalismo proletario, na construción e afortalamiento dun novo tipo de partido proletario que é a única organización capaz de dirixir a loita multiforme da clase traballadora e dos pobos escravizados. Lenin estableceu unha nova teoría da revolución socialista e demostrou as posibilidades do triunfo do socialismo nun só país.

Lenin axudou as traballadores que sufrían pola opresión imperialista a realizaren nunha forma máis comprensíbel a lei do desenvolvemento social, os requisitos e as condicións obxetivas da loita política en cada etapa da revolución proletaria e todo o movemento de liberación. Permittiulle ás masas oprimidas que se enterasen dos intrincados e complexos desenvolvementos do noso tempo, deulles unha arma miragreira para loitar pola súa emancipación: a teoría e tácticas do bolchevismo.

O Partido Comunista Ruso, fundado por Lenin, deu un luminoso exemplo aos

pobos do mundo. Baixo a dirección esclarecida do grande Lenin, o talentoso estratega e táctico, o Partido Comunista levou o proletariado ruso á toma do poder e estableceu o primeiro Estado das masas traballadoras; a fundación deste Estado levou a historia da humanidade a unha nova era. Para os pobos amantes da paz e a democracia, a Unión Soviética é un baluarte inamovíbel da independencia e da liberdade. Despois da II Guerra Mundial o todopoderoso campo de paz, democracia e socialismo, dirixido pola Unión Soviética tomou forma en oposición ao imperialismo.

A popularidade e a doutrina de Lenin están estreitamente ligadas a todos os éxitos do campo da paz e da democracia, que se estende do río Elba ao oceano Pacífico, e do Polo Ártico aos trópicos. Por iso, todos os pobos oprimidos e desafortunados ollan o estandarte de Lenin, que os comunistas de todos os países do mundo sustentan en alto como un símbolo de fé e un facho de esperanza.

A heroica loita sustentada polo pobo soviético para construír o comunismo dá agora ánimos a todos os pobos e ensínalles o camiño para obter un modo de vida digno para a humanidade.

A consistente política pacífica do goberno soviético, claramente formulada no decreto asinado por Lenin, e promulgada inmediatamente despois do trunfo da revolución socialista, estimula agora as amplas masas a loitar para defender e afortalar a paz contra os traficantes da guerra dirixidos polos imperialistas dos Estados Unidos.

Os principios establecidos por Lenin sobre os dereitos dos pobos á autodeterminación, á coexistencia pacífica, á non intervención nos asuntos internos doutros países -á igualdade e ás relacións benéficas para as partes interesadas, principios que son a base da política estranxeira da Unión Soviética- sinalan agora aos pobos dos países coloniais independentes o camiño da loita para a reunificación nacional e a independencia.

Para os pobos de Asia, así como para os pobos de todo o mundo que loitan pola paz, a independencia, a democracia e o socialismo, o leninismo é como o sol que trae consigo unha vida alegre. Lenin atribuíu sempre unha grande importancia ao movemento de liberación nacional sustentado polos pobos de Asia e considerábo parte da loita emprendida polas masas traballadoras de todo o mundo contra os opresores imperialistas. Lenin sinalou que o acordar de Asia e a primeira loita mantida polo proletariado avanzado en Europa para a toma do poder marcaba unha nova era na historia do mundo, unha era que comezou co século XX. En 1913, V. I. Lenin escribiu: “Toda Europa toma o papel preponderante; toda a burguesía de Europa está colidida con todas as forzas reaccionarias e medievais en China. Mais toda a parte nova de Asia, quero dicir, centenas de millóns de masas traballadoras en Asia, teñen como firme aliado o proletariado de todos os países civilizados. Non existe forza no mundo capaz de impedir a vitoria do proletariado na liberación dos pobos europeos e asiáticos”.



Agora, a mediados do século XX, a “nova Asia” á que se refería Lenin é precisamente a República Popular de China, a República Popular de Mongolia, a República Democrática Popular da Corea e a República Democrática do Vietnam. Noutras rexións de Asia estanse alzando novas forzas similares para loitar pola liberación nacional. Estas previsións científicas do grande estratexa revolucionario verificáronse tan rapidamente que o campo imperialista volveuse ansioso e temeroso.

Se os pobos escravizados de Asia, baixo a dirección dos partidos marxista-leninistas, conseguiron éxitos prácticos, é porque seguiron as ensinanzas de Lenin.

No seu chamado aos revolucionarios de Oriente, Lenin escribiu: “Tedes ante vós unha tarefa descoñecida para os comunistas do mundo: apoiados na teoría e a práctica común do comunismo explicando as condicións específicas que non existen en Europa, debedes saber como empregalas nas condicións específicas onde o campesiñado é a masa básica e a tarefa non é a loita contra o capitalismo mais contra os vestixios medievais”.

Trátase dunha ensinanza moi valiosa para un país coma o noso, no que o 90% da poboación vive da agricultura e onde aínda existe unha gran cantidade de vestixios do feudalismo decadente e do mandarinato.

Baixo a dirección do glorioso Partido Comunista chinés e do camarada Mao Tse-Tung, o seu dirixente esclarecido, a vitoria da gran Revolución en China foi o trunfo do pensamento leninista. É precisamente por esta razón que o camarada Mao Tse-Tung dixo que a Revolución de Outubro levara o marxismo-leninismo á China e liberado dunha vez por todas 600 millóns de persoas das garras do imperialismo.

Aplicando o leninismo ao internacionalismo, a Unión Soviética, onde trunfou o socialismo, deu constantemente unha gran asistencia moral ao movemento de liberación nacional nos países coloniais e dependentes. En particular coa súa política consistente de paz e debido ao seu gran prestixio no mundo, a Unión Soviética axudou enormemente os pobos de Corea e Vietnam na defensa das súas patrias contra o perigo forxado polos imperialistas dos Estados Unidos e os seus aliados. As actividades diplomáticas da Unión Soviética foron un factor decisivo para levar ao seu fin as guerras en Corea e en Vietnam.

O pobo vietnamita, educado no espírito do internacionalismo proletario, aprecia altamente o apoio moral dos pobos de todo o mundo, incluíndo o das traballadoras francesas que loitaron para dar fin á guerra en Indochina.

Lenin legounos, como a todos os partidos comunistas obreiros, o inapreciábel tesouro da súa ideoloxía: os principios organizativos, a teoría e a táctica dun partido revolucionario. O leninismo é unha poderosa forza ideolóxica



que guía o noso partido e fai posíbel que este sexa a máis alta organización das masas traballadoras e a personificación da intelixencia, a dignidade e a consciencia do noso pobo.

Baixo a bandeira do leninismo, o Partido das Traballadoras do Vietnam gañou a confianza do noso pobo e está considerado como o seu partido de vangarda. O noso partido soubo utilizar as capacidades a iniciativa creadora do noso pobo, que nunca se resignou a soportar a escravitude e o colonialismo.

Lenin personificou a unidade de mente dentro do partido, a solidariedade das súas fileiras, o respecto á disciplina revolucionaria, a fé inquebrantábel na gran causa do comunismo e a firme confianza na vitoria final. Todo isto é agora un estímulo para o Partido das Traballadoras do Vietnam, que aplicou día tras día e hora tras hora o principio da crítica e da autocrítica, e considerouno como o método miragreiro para corrixir os erros e fraquezas e para loitar contra as manifestacións do subxetivismo e da complacencia. O noso partido non ten outros intereses que os do noso pobo e da nosa patria por iso dá unha gran importancia a elevar o nivel do seu traballo. O noso partido, en canto que fai o indicíbel para cumprir coas súas tarefas, estuda constantemente o leninismo para mellorar a súa combatividade, o seu dinamismo político, a unidade na organización e o nivel ideolóxico dos membros do Partido.

O noso pobo e os membros do Partido foron forxados no lume da longa e dura loita para a salvación nacional e soportaron penalidades e sufrimentos indescribíbeis. Por máis de oito anos, o noso pobo e o noso partido mantiveron unha loita heroica que rematou vitoriosamente a favor do pobo vietnamita e do restabelecemento da paz en Indochina. Os acordos de Xenebra demostraron que a loita de liberación nacional mantida polo pobo vietnamita e polos pobos irmáns de Laos e Campuchea e o seu alto sacrificio e heroísmo foron recoñecidos internacionalmente. O noso partido pode estar orgulloso de ter sido durante estes anos afouto e perseverante e de ter levado o pobo á loita cun gran espírito de sacrificio.

Actualmente, ao tempo que se restaura a paz, seguimos loitando para a instrumentación correcta dos acordos de Xenebra. Dacordo con números xa rectificadas, afirmamos recentemente que o bando contrario violou os acordos 2.114 veces, incluíndo 46 veces no sur de Vietnam. Eis unhas cifras asombrosas: 806 mortos, 3.801 feridos e 12.741 persoas detidas sen motivo.

En setembro do pasado ano o Partido das Traballadoras do Vietnam tomou moitas resolucións sobre a acción do noso pobo, co propósito de instrumentar estritamente os acordos de Xenebra e oporse a todas as manobras de sabotaxe. As nosas principais tarefas son: consolidar a paz, completar a reforma agraria, traballar con todos os nosos esforzos para mellorar o nivel económico, estabilizar o noso nivel de vida en todos os aspectos no territorio ao norte do paralelo 17 e continuar adiante na loita política sustentada por todo o pobo. Lanzamos as seguintes palabras de orde para a nosa loita: consolidar a paz, lograr a reunificación nacional, obter a independencia total e extender



a democracia a todo o país.

Na actualidade estamos a loitar para levar a termo estas tarefas fundamentais. Ao mesmo tempo, non podemos ignorar que despois das conferencias celebradas polos imperialistas en Manila e Bangkok xurdiu unha nova situación en Asia. Na actualidade, os Estados Unidos interveñen abertamente nos asuntos de Indochina e levaron adiante moitas outras manobras para torpedear os acordos de Xenebra.

Para realizar a súa meta, os imperialistas e os seus lacaios de todos os tipos están a fomentar o escuro plan de dividir permanentemente o noso país, colocando o sur de Vietnam baixo a súa influencia, controlando todas as forzas democráticas e sabotando as eleccións xerais de 1956.

Nestas condicións, a nosa loita trasládase agora da etapa do armisticio á da loita política, a fin de controlar o complot do inimigo para reanimar a guerra e lograr a reunificación nacional coas eleccións a nivel nacional planeadas para xullo de 1956.

A paz, a reunificación, a independencia nacional e a democracia son problemas estreitamente ligados entre si. Se non se consolida a paz, non haberá posibilidades de reunificar Vietnam a través das eleccións xerais. Inversamente, se non houber reunificación nacional por medio das eleccións cerais, non haberá posibilidade de establecer unha base firme para a paz.

Os recentes desenvolvementos e a consideración da situación política permite ao noso partido ver claramente que a loita pola paz, a independencia e a democracia sustentada polo pobo vietnamita será dura, e que sobre este camiño o pobo vietnamita atopará moitas dificultades. Porén, o noso partido ten unha firme confianza na vitoria final.

Obtemos unha gran forza da todopoderosa doutrina leninista para cumprir coa nosa tarefa sagrada de asegurar a paz, a reunificación, a independencia e a democracia e de gañar para o socialismo a vitoria.